

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA. A **Sra. Alcaldesa** desculpou á **Sra. Fernández Agraso** por non poder asistir a esta sesión, xa que tiña unha cita médica e sinalou que o carácter urxente da convocatoria se debía aos prazos de tramitación dos asuntos deste pleno.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a ratificación da urxencia da convocatoria a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a urxencia da convocatoria desta sesión.-----

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ESTIMACIÓN E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O PERIODO DE INFORMACION PUBLICA AO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO POLÍGONO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL – VILALONGA – SANXENXO. RELACIÓN DE PROPIETARIOS E DE BENS E DEREITOS AFECTADOS, ASÍ COMO PARA A APROBACION DEFINITIVA DO CITADO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO POLIGONO DE EXPROPIACIÓN. O **Sr. Secretario** dá lectura á parte dispositiva da **proposición da alcaldía do 19 de xaneiro de 2015** e a **Sra. Presidenta**, ao non estar ditaminada en comisión informativa, someteu a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)

Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.

A **Sra. Deza Martínez**, voceira do **Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que se trataba de resolver as alegacións presentadas polos propietarios e a aprobación definitiva do proxecto de delimitación, segundo o establecido no Regulamento de Xestión Urbanística, como trámite previo á aprobación inicial do proxecto de expropiación, onde se definirá o valor das fincas e que se pretende levar ao vindeiro pleno ordinario, engadindo que as alegacións se

referían, algunhas, aos títulos de propiedade, outras solicitaban a expropiación da totalidade das parcelas e, as menos, aludían as superficies.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, desculpou a ausencia das súas dúas compañeiras, posto que cando lles chegou a convocatoria desta sesión non puideron solucionar o problema da súa ausencia aos seus postos de traballo se viñan ao pleno, lamentando que non se convocase esta sesión pola tarde para poder compatibilizar horarios, engadindo que ademais non houbo tempo a ver as alegacións e o expediente. En canto ao fondo do asunto dixo que o cabalo de batalla eran as valoracións das parcelas, que consideraba un insulto para os veciños de Vilalonga e que terán que pagarse prezos superiores aos do expediente, co que o goberno municipal deixará para o futuro unha nova pesada herdanza.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, indicou que O Revel ten moitos capítulos, pero non se dá rematado e que se notaba que se achegaban as eleccións e que pretendían levar o novo colexio como proxecto estrela en Vilalonga, pero mentres se tramita a expropiación e se obriga aos veciños a meterse en gastos para facer taxacións, na Xunta non hai un céntimo para facer o colexio, polo que primeiro debeu conseguirse o diñeiro e despois obter os terreos, posto que a súa expropiación non servirá para nada sen ter a Xunta financiamento.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludiu a que nada xustificaba a urxencia desta sesión, agás que entraban en período electoral, sorprendéndolle a sultura coa que a Concelleira de Urbanismo definiu a este acordo como un mero trámite, cando estaban a falar das alegacións de propietarios de terreos aos que no seu día se lles ofreceron corenta e oito euros e agora se pretendía pagar tres, valoración coa que non se van a conformar, co que se verán obrigados a ir aos tribunais, como outras tantas veces neste concello. O interviniente dixo que o goberno municipal non vai a ser o garante do novo colexio de Vilalonga e se responsable de que esas instalacións non sexan dignas, así como por usurpar as parcelas aos seus lexítimos propietarios.

A Sra. Deza Martínez precisou que a ela a convocatoria llela entregaron ás dúas e media da tarde e que os membros da oposición tiveron tempo de ler a proposición, o que non parece que fixesen, destacando que no seu día se ampliou o prazo de resolución do expediente ata o 28 de xaneiro do 2015, polo que non podían levar este asunto ao pleno ordinario se querían evitar que caducase o procedemento. Polo que respecta ao que dixo do trámite, explicou que en ningún caso quixo facer de menos aos propietarios dos terreos e se matizar que se trataba dun trámite necesario, previo á aprobación do proxecto de expropiación, no que figurarán as valoracións, recordando que efectivamente existía unha valoración aproximativa de trinta euros, da época na que se aprobou o plan parcial, pero a actual correspóndese aos anos 2014-15 e é a valoración, non a prezos de mercado, senón de expropiación, rematando para dicir que os propietarios non teñen que verse obrigados a ir aos tribunais, posto que teñen a posibilidade antes de acudir ao Xurado de Expropiación.

A Sra. Alcaldesa sinalou que este debate demostraba que unha parte da Corporación traballaba e que outra viña a facer política, explicando que se non houbo acordo, non foi por falta de reunións cos propietarios, precisando que cando estaban case todos de acordo, este non foi posible polas desorbitadas pretensións dun e polo feito de que un dos que accedeu non tiña título acreditativo, polo que foi obrigado ir á expropiación, se ben dixo que as valoracións non as facían os políticos, senón os técnicos, de conformidade coa lexislación actual. A interviniente ratificou o dito sobre os

prazos pola Concelleira de Urbanismo, matizando que a hora deste pleno non era porque non querían vir pola tarde, ao que estaban perfectamente dispostos, senón para adiantar un día de traballo e aludiu a que estimaron moitas alegacions para conseguir o mellor proxecto posible. Por último dirixiuse a **Sra. Aguín Pombo** para dicirlle que tamén no seu día se comentou que non ía ser posible o campo de fútbol ou a gardería e xa están para o disfrute dos veciños e que, grazas ao goberno do Partido Popular, foi posible a aprobación do PXOM, que é a que permite a existencia do Plan Especial de Dotacións en O Revel.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 1 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 1 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.-Estimar integramente as alegacións formuladas en fase de información pública por D. JoséLuis González Outón (Rexistro de entrada nº 6968, do 19/08/2014) e pola súa dona, D.^a Milagros González Otero (Rexistro de entrada nº 7554, do 08/09/2014); D. José Torres Rodríguez (Rexistro de entrada nº 7048, do 21/08/2014); D.^a María del Carmen Otero Vilar (rexistro de entrada nº 7070, do 21/08/2014 e nº 8026, do 19/09/2014); D. Luís Ansorena Pérez (rexistro de entrada nº 7187, do 26/08/2014); D.^a Beatriz ValladaresRomero e D. Javier ValladaresRomero (rexistro de entrada nº 7218, do 27/08/2014, nº 9314 do 24/10/2014 e nº 10638, do 24/11/2014); D.^a Mercedes Abal Lima e D. José Rial Ameneiro (rexistro de entrada nº 7253, do 27/08/2014 e nº 10875 do 27/11/2014); D. Enrique González Caneda (rexistro de entrada nº 7318, do 29/08/2014); D. José Carlos López Troncoso (rexistro de entrada nº 7359, do 01/09/2014); D. Antonio Telmo Torres (rexistro de entrada nº 7364, do 01/09/2014 e nº 10486, do 20/11/2014); D.^a Begoña López Otero (rexistro de entrada nº 7409, do 02/09/2014); D.^a María Luz Otero Dozo (rexistro de entrada nº 7471, do 02/09/2014, nº 10102, do 11/11/2014 e nº 10302, do 17/11/2014); e D. Juan Manuel González García (rexistro de entrada nº 7847, do 15/09/2014 e nº 11030, do 01/12/2014), consonte ao informe conxunto elaborado en data do 19 de xaneiro de 2015, polo arquitecto municipal e o técnico en Administración Xeral do concello de Sanxenxo.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas en fase de información pública por parte de D.^a Amalia Castro Méndez (rexistro de entrada nº 7052, do 21/08/2014 e nº 8120 do 21/10/2014); D. Vicente e D. Manuel José González Otero (rexistro de entrada nº 7192, do 26/08/2014, nº 7294, do 28/08/2014, nº 7320, do 29/08/2014, nº 9119 do 21/10/2014 e nº 10430, do 19/11/2014); D. Ignacio y D. César Augusto Rafael Velón de Francisco (rexistro de entrada nº 7203, do 26/08/2014); D. BorjaVelónLepine (rexistro de entrada nº 11580, do 17/12/2014); D. Sergio José Otero

Otero (registro de entrada nº 7219, do 27/08/2014 e nº 7358, do 01/09/2014); D. JoséLuisMiniño Domínguez (registro de entrada nº 7250, do 27/08/2014); D.^a María del Carmen Souto Pérez, en representación de D. Manuel Carlos Souto Pérez (registro de entrada nº 7290, do 28/08/2014, nº 8075, do 22/09/2014, nº 8171, do 25/09/2014 e números 8251 e 8252, do 26/09/2014); D. Jorge e D. José Prieto Uzal (registro de entrada nº 7316, do 29/08/2014); D. Victorino Otero Moldes (registro de entrada nº 7317, do 29/08/2014); D. JoséBesadaMartínez (registro de entrada nº 7412, do 02/09/2014 e nº 8484, do 02/10/2014); D. Manuel Torres Torres (registro de entrada nº 7502 e nº 7503, do 05/09/2014); D. Juan C. Rivas Castro, en representación de D.^a Elisa, D.^a María JoséÍsabel, D.^a María del Carmen, D.^a Mercedes, D.^a Luz e D.^a María JesúsVelón de Francisco (registro de entrada nº 11810, do 24/12/2014), nos exclusivos termos indicados no informe conxunto elaborado en data 19 de xaneiro de 2015, polo arquitecto municipal e o técnico en Administración Xeral do concello de Sanxenxo.

TERCEIRO.- Desestimar integramente as alegacións presentadas en fase de información pública por parte deD. Antonio Jorge Otero Fernández (registro de entrada nº 7319, do 29/08/2014); D. JoséLuis Otero Fernández (registro de entrada nº 7410, do 02/09/2014); D.^a Remedios Otero Otero (registro de entrada nº 7863, do 16/09/2014), consonte ao informado conxuntamente polo arquitecto municipal e o técnico en Administración Xeral do Concello de Sanxenxo.

CUARTO.- Prestar aprobación definitiva ó “Proxecto de Delimitación do Polígono de expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados”, elaborado por D. Rafael Vázquez Abal(arquitecto municipal) e D. José Manuel Rey Rial (Técnico en Administración Xeral do Concello de Sanxenxo), en data 19de xaneiro de 2015.

QUINTO.- Publicar o presente acordo plenario no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOP de Pontevedra), no Diario Oficial de Galicia (DOGA), e no taboleiro do Concello de Sanxenxo; con notificación individualizada aos interesados no expediente”. -----

3º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA AO ABOAMENTO DA PARTE PROPORCIONAL DA PAGA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO DE 2012 AO PERSOAL DEPENDENTE DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. O Sr. Secretario dá lectura á **proposición da alcaldía do 19 de xaneiro de 2015** e a Sra. Presidenta, ao non estar ditaminada en comisión informativa, someteu a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

O Sr. Durán Bermúdez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que se trataba de acatar unha sentenza, como lle pasou a moitos outros concellos, relativa ao devengo de parte da paga extraordinaria suprimida no ano 2012, matizando que, aínda que a resolución xudicial só se refería ao persoal laboral, se aplica a todo o persoal, que xa indicaron no seu día que a medida da supresión desta paga ía ter efectos desfavorables para o consumo e, finalmente, que a Lei de Presupostos do Estado para o ano 2015 prevía a posibilidade do aboamento de parte da paga eliminada, ditándose posteriormente instrucións para a súa aplicación e que se intentaba aproveitar esta sesión para que o seu pagamento fose posible na nómina do mes de xaneiro.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, aludiu a existencia dun informe de intervención do 28 de novembro do ano pasado e a que xa houbo un pleno extraordinario no mes de decembro ao que puido ir este asunto, razóns polas que non ve necesidade de que se trate nesta sesión.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que ían votar a favor da proposición.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dixo que ía votar a favor porque sempre estiveron en desacordo coa medida de supresión da paga, sorprendéndolle a publicidade que dende o goberno municipal se lle está a dar a este acordo, cando había que posicionarse en contra no seu momento, como fixo o BNG. Finalmente o interviniente sinalou que aínda hai xente pendente de cobrar do concello certas cantidades e xa levan anos esperando.

O Sr. Durán Bermúdez, respecto do dito polo **Sr. Gonzalo Pita,** sinalou que, aínda que existía un informe do mes de decembro, o certo é que houbo que agardar a que entrase en vigor a Lei de Presupostos do Estado para o ano 2015 e as instrucións para aplicación deste pagamento, que se publicaron no BOE neste mes de xaneiro, engadindo que ao propio xulgado se contestou que o tema se resolvería no pleno deste mes. Finalmente e sobre o aludido polo **Sr. Otero Domínguez** respecto da publicidade dada a este acordo, indicou que se limitaron a sacar unha nota dando conta de que este asunto ía vir a pleno.

A Sra. Alcaldesa, sobre o citado polo **Sr. Otero Domínguez,** acerca da xente pendente de cobrar do concello, precisou que os afectados saben que non se podían aboar ditas cantidades ata xaneiro de 2015, encontrándose na actualidade de vacacións o Sr. Interventor, ao que se lle daran ordenes cando volva de que realice os trámites para afrontar eses pagamentos, engadindo que recentemente se volveron a presentar reclamacións, que ese tema nada ten que ver co que se trata no pleno e que se resolveran os dous.

Non se producen mais intervencións e a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación na que, **por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Levantar o acordo de non dispoñibilidade da obriga dos créditos do exercicio pechado de 2012 por un importe de 67.569,91 euros.

SEGUNDO: Aprobar o abono da parte proporcional da paga extra de decembro de 2012 por un importe de 67.569,91 euros.

TERCERO: Anular o importe restante da obriga do ano 2012 relativa ao importe da paga extra de decembro”-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a **Sra. Presidenta** dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e trece minutos, de todo o que eu, como **Secretario**, dou fe:

